

O oficio de alfareiro

Benigno Rey Sarmiento

Dinos a Biblia que o home é feito por Deus de barro da terra, polo que podemos dicir que é o primeiro alfareiro. Non me meto a demostrar si é certo ou non, o que sí sabemos é que dende as primeiras culturas asentadas en calquera parte do mundo aparecen obxectos prácticos feitos con barro sobre todo utilizables para conter os líquidos.

Nun primeiro momento aparecen modelados a man e despois ó torno. Ademais dos restos que atopamos en calquera museo do mundo traídos das excavacións polos arqueólogos, podemos enumerar cerámicas famosas xa antes do cristianismo como son as chinas, etruscas ou gregas.

Nas pirámides exipcias aparecen louzos portando alimentos para dar forza ás ánimas dos faraóns no longo camiño ata o seu paraíso. O oficio do alfareiro, coma todos os oficios, en Egipto,

Grecia, Roma, Cartago... exercíanos os escravos especializados. Dise que en Exipto os coñecían por un pequeno salto que daban ó andar por ter máis forza na perna que impulsaba a roda do torno.

Na Idade Media a cultura árabe é a que volve, despois dos séculos obscuros, a traballar na fabricación da louza e obxectos de adorno con gran acerto, de aí que dentro das moitas manifestacións encontramos a famosa louza maiólica, das illas baleares, continuada en todo o Mediterráneo.

En Galicia a alfarería tradicional vai pasar ó longo da historia por diversos momentos. Nos castros atopámonos cunha abundosa alfarería que os arqueólogos recollen paseniñamente porque o seu estudo é fundamental para coñecer estas épocas.





Cuncas (Buño)

Na romanización ten a clásica influencia da capital do imperio aparecendo pratos, ánforas e diminutas figuras adicadas a deuses.

Na Idade Media pasa momentos baixos, substituídas algunhas das súas prestacións por formas feitas en madeira, menos fráxiles que as de barro e máis axeitadas para uns pobos que van dun lugar a outro levando unha vida tosca e sinxela.

Polo século XIII melloran as técnicas e vai collendo forza, ata que no século XVII e XVIII teñen unha produción variadísima para atender ás necesidades da cociña con utensilios xa moi diversos, e para a industria do viño, dende a cunca ata as distintas medidas utilizadas na compra e venda do mesmo.

Na nosa terra encontramos dezaseis pobos co topónimo oleiros, o cal nos indica con seguridade que neses lugares houbo fábricas de olas, ademais de moitos outros alfares en distintos sitios (importante citar os irmáns pontevedreses García Alén, Alfredo e Luciano que investigaron e publicaron sobre cerámica popular de Galicia).


Das vinteunha aldeas con alfares vivos e potentes que encontramos no ano 1846 (segundo Madoz) podemos quedarnos hoxe con catro -Gundivós, Niñodaguia, Buño e Bonxe- case que todos esmorecendo menos o de Buño que intenta modernizarse e parece que vai collendo algo de rixo.

Tradicionalmente o oficio de alfareiro consistía en ir coller o barro a unhas minas que tiñan en lugares apropiados. Para esta recollida cumpría xuntarse pois as minas eran fondas e o traballo duro. A arxila só a había nalgúns lugares

determinados, de aí que houbera aldeas con moitos alfareiros. Xa encontramos no catastro de Ensenada (1753) só en Buño 77 alfares. Botábase o barro recollido nun celeiro e cando estaba seco petábaselle cun macico de madeira ata facelo como area, despois peneirábase para quitarlle as areas grosas. Logo metíase nun barreño grande con auga onde se hidrataba totalmente. Cando se quería traballar sacábase a cantidade necesaria, deixándoa secar ata ter a hidratación óptima para torneiar as pezas. Á peza fáiselle un secado nun sitio aireado ou poñéndoa o sol antes de pasala a cocer. O forno era un gran cilindro de pedra no que se metían as pezas secas tapábanse por riba con restos de cacharros de cocións anteriores e facíaselle o lume con toxos e leña todo un día. A dificultade de ter un forno cada alfareiro levounos ás máis das veces a que fose comunitario. Esta é outra razón para encontrar os alfareiros nunha mesma aldea.

As pezas que eran para cociña vidriábanas por dentro con polvo de chumbo, as que eran para o viño unha vez cocidas derretíanselle unhas bolas de pez que recubrían o interior da peza, así Gundivós faino aínda hoxe.

As vendas facíanas en feiras de lugares próximos e en feiras famosas. Levaban as pezas adaptadas ó mercado e ó tempo, así nas feiras próxi-



Pota de Buño

mas como o San Martiño, traían os barreños grandes para a zorza, louzos para a grasa... cando era a vendima eran as xerras, cuncas e medidas para o viño. Cada un destes puntos de produción tiñan máis ou menos delimitado o seu territorio de influencia comercial. O transporte facíase en burro ou en carro imadía levabas cando o burro coteñaba e o carro emborcaba!.

Na feira ofrecía un espectáculo moi fermoso ver toda aquela cacharrería ó redor da vendedora, que viña a ser, case sempre, a muller do alfareiro, cacharreiro, louceiro, oleiro, cazoleiro... que todos estes nomes lle chamaron ós e ás que exerceron este oficio segundo o lugar que ocuparon na xeografía de Galicia. Proba desta beleza dos cacharros na feira son os moitos cadros que deste tema nos deixaron moitos pintores.

Este oficio non era exclusivo do home, participaba nel bastante a muller, ó ser familiar. Sarago na obra a *Caverna* deixa ver o traballo e a

participación da filla -muller- e o pai nas tarefas do alfar. A famosa alfareira, Obdulia de Gundi-vós, ilustra a portada dun dos libros máis sobranceiros dos xa citados García Alén.

A consideración social que tiña o alfareiro, en xeral, era baixa. No mundo rural galego o rico foi sempre o que tiña terras. O alfareiro era un artesán con poucas terras e tíñano por probe, sen embargo recóllese nunca cantiga, "coidado co alfareiro que da terra fai cartos". De feito nin uns nin outros debían ter envexa, campesiño e alfareiro entrambos eran probes, mais a terra deu sempre mellor seguridade que o xornal.

O traballo dentro do taller empeza polo amasado da arxila que nos faiga falla para que se mezcle ben, cómpre facelo con forza e habilidade. Cando xa está lene, e calculado o seu peso, colócase no rato que ten o torno na parte superior que da voltas por estar xunguido un eixe a outro grande na parte baixa onde o pé do alfareiro impulsa con for-



za para que xire. Chega o momento importante, de porlle as mans enriba e centrar o barro ata que non se mova cando da voltas.


Cando chegas por primeira vez ó alfar con ánimo de aprender o oficio e ves ó que xa o coñece darlle ó pé e coas mans deixar tan quedo e suave aquel barro no medio do prato que da voltas, cunha présa tremenda, éntache unha forte emoción. Sentas naquela máquina, e todo é moi distinto. Xorde a dificultade, ó darlle voltas co pé, parece difícil non tropezar nunca naquelas táboas. O das mans parece doado, "craso erro", arduo é o que fan as mans, o do pé despois de darlle co zapato unhas cantas veces a todo menos á roda, xa vai indo. É marabilloso, todo parece doado, non semella que haxa que facer forza algunha, aquilo é tan rápido que non da tempo a enterarse, nin como fan as mans, nin si hai esforzo, nada, é fantástico. Mais o medo aparece co primeiro contacto das mans co barro, apretalo forte ou lixeiro, pero él fai o que quere, parece un cabalo ceibo, salta para aquí e para alí, canto máis forza fas máis se deforma, nunca está calmo. Pensariamos que con tal fracaso arrancaríamos cara á casa querendo esquecer o sitio onde estivemos, pero non é así, estás xa atrapado, topaches aquela terra húmida que te puso as mans da súa cor, peleácheste con ela e non podes escapar da loita que se che plantexa. Segue o alfareiro, abre aquilo como si fose mirar o que hai dentro, non da tempo a máis, xa está arriba, volve a subilo, segue centrado, quietiño. Gústalle a un aquela forma, de súpeto pásalle ás mans dalgún xeito, e daquela forma a outra, e a outra, traballa de vagariño, parece que de ningunha maneira quere mancar aquela nova criatura que ata entón nunca houbo, ¡como a coida!. Xa está, isto é o que querían aquelas mans que fose. Parece que algún trasgo, algún enfeitido axudou a que aparecese, ó levarte da man, xa das pasos, case sabes andar. Pois un anaco de barro non debe poder máis ca ti, o teu honor está en xogo, encetaches un camiño que xa non abandoarás, deixará de ser unha pelexa e chegará a ser amizade. E lembrás como pouco a pouco aprendeches como poñer as mans, saber a dureza que ten que ter o barro, guiar os pés, esquecerse da cor das mans, do es-

tar manchadas, porque alí non hai graxa, son terras lavadas, e como apareceran as primeiras pezas, parecíanche sorprendentes e empezabas a buscarlle sitio na casa.

¿Para que serve hoxe a alfarería? Os obxectos de cociña seguen utilizándose algo. Na nosa provincia, en Meder, temos unha familia que leva moitos anos facendo distintas pezas na maior parte de utilidade para a cociña. Os catro alfares que hoxe quedan vivos e en moitos talleres pequenos por Galicia adiante que viven deste oficio, tratan de buscar novas formas, e a mesturan coa cerámica, en xeral, máis introducida no mundo ornamental, no que a arxila ocupa un capítulo importantísimo.

E ver dar voltas ó torno engaiola tanto que nos quedamos mirando tempo e tempo. Salomón, o rei sabio, nos poucos ratos que lle deixaba a de Saba, ía ver como traballaban os alfareiros para relaxarse -segundo conta a Biblia-. Se queremos achegarnos a este oficio aquí en Pontevedra, temos dous lugares que eu coñezo, o Obradoiro Teucro na rúa Puig da nosa cidade e nos talleres do Concello, onde se ensina a traballar nesa máquina que leva máis de tres mil anos dando voltas, que se chama torno e que quere seguir moitos máis anos dando voltas e voltas.

Fotos: B. Rey e Marloy



Ámboa ou cántara (Gundivós)